

CERTIFICADO DIXITAL

Para poder realizar a presentación de modelos na Axencia Tributaria é preciso facelo de forma telemática. Debido a que un centro educativo é un organismo público temos que solicitar un **certificado dixital**. A solicitude pode facela tanto o/a secretario/a como o/a director/a do centro pero é aconsellable que o faga a persoa que vai a facer este traballo.

Para poder obter e instalar o certificado no noso ordenador seguimos os pasos que se indican na seguinte páxina web:


<https://www.sede.fnmt.gob.es/certificados>

Exportar un certificado dixital do navegador Mozilla Firefox


Unha vez instalado o certificado dixital no noso ordenador e nun navegador web, imos ver como podemos exportalo a outros navegadores ou incluso a outros ordenadores.

Neste caso, supoñemos que temos instalado o certificado instalado nun dos navegadores web máis utilizados: *Mozilla Firefox*.


1. Dependendo da versión de Mozilla Firefox que estemos a utilizar, tanto dende o Menú como dende a Barra de Ferramentas do mesmo, accedemos a **Opciones**:




2. Prememos en **Avanzado** e seleccionamos a pesatna **Certificados**. Veremos varios botóns dos cales nos interesa o chamado **Ver certificados**:




3. Ao premer nese botón, vemos os certificados que temos instalados e configurados no navegador. Seleccionando o que nos interesa, observamos que podemos facer varias operacións con el, entre elas, facer unha copia que é a que nos interesa. Para iso, prememos no botón **Hacer copia**:



4. Preguntaranos onde queremos gardar o ficheiro que contén o certificado dixital. Para asegurar a copia e o seu posterior respaldo, pídenos un contrasinal:






Con isto, xa temos o certificado exportado. Vemos de seguido como levalo a outro navegador

Importar un certificado dixital no navegador Mozilla Firefox


No caso de ter que importar o certificado ao navegador Mozilla Firefox (por exemplo, noutro ordenador), seguimos estes pasos:

1. Accedemos a **Opciones** do navegador, tal e como vimos antes:




2. De igual maneira que cando fixemos a exportación, imos ata **Avanzado** e despois


prememos no botón **Ver certificados** da pestana **Certificados**:




3. Agora estamos no **Administrador de certificados**. Na pestana **Sus Certificados** vemos que neste caso aparece baleiro, sen ningún certificado instalado. O botón **Importar** da a posibilidade de importar un ficheiro que teña a copia do certificado:




4. Seleccionamos o cartafol onde está gardado o ficheiro de copia e unha vez seleccionado solicitámos o contrasinal utilizado para facer o respaldo:



Se todo foi correcto, xa teriamos o certificado importado e podemos operar con él neste navegador:




Se agora accedemos a unha páxina web que requira un certificado aparecerá a seguinte ventá de petición para escoller que certificado queremos utilizar:




Exportar un certificado dixital do navegador Internet Explorer


1. Na barra de Menu do navegador accedemos a **Herramientas** en dentro dela eliximos **Opciones de Internet**:




2. Unha vez na pantalla de **Opciones de Internet** accedemos á pestana **Contenido** e premendo no botón Certificados iremos a unha ventá de información dos certificados instalados no navegador:




3. Podemos observar que temos un certificado instalado, seleccionámolo e prememos o botón **Exportar**.




Lanzarse a ejecución dun asistente para realizar a exportación:



Seguimos os seus pasos asegurándonos que temos habilitada a opción de **Exportar la clave privada**:



Elleximos o formato de ficheiro:




Poñemos un contrasinal para protexelo:

The screenshot shows the 'Asistente para exportación de certificados' (Certificate Export Wizard) dialog box. The title bar is blue with a close button (X) in the top right corner. The main area is light gray. At the top, the text 'Contrasena' (Password) is followed by the instruction 'Para mantener la seguridad, debe proteger la clave privada por medio de una contrasena.' (To maintain security, you must protect the private key by means of a password). Below this, the text 'Escriba y confirme una contrasena.' (Enter and confirm a password.) is displayed. There are two text input fields: the first is labeled 'Contrasena:' and contains ten black dots; the second is labeled 'Escribir y confirmar contrasena (obligatorio):' and contains ten black dots followed by a vertical cursor. At the bottom right, there are three buttons: '< Atrás' (Back), 'Siguiete >' (Next), and 'Cancelar' (Cancel).

Poñemos un nome para poder facer a importación a outro ordenador ou navegador:


The screenshot shows the 'Asistente para exportación de certificados' (Certificate Export Wizard) dialog box. The title bar is blue with a close button (X) in the top right corner. The main area is light gray. At the top, the text 'Archivo que se va a exportar' (File to be exported) is followed by the instruction 'Especifique el nombre del archivo que desea exportar' (Specify the name of the file you want to export). Below this, the text 'Nombre de archivo:' (File name:) is displayed. There is a text input field containing the text 'clavexplorer'. To the right of the input field is a button labeled 'Examinar...' (Browse...). At the bottom right, there are three buttons: '< Atrás' (Back), 'Siguiete >' (Next), and 'Cancelar' (Cancel).

E xa temos unha copia do certificado:





Importar un certificado dixital no navegador Internet Explorer

1. Na barra de Menu do navegador accedemos a **Herramientas** e despois eliximos **Opciones de Internet**:



2. Unha vez na pantalla de **Opciones de Internet** accedemos á pestana **Contenido** e ao premer no botón **Certificados** accedemos á pantalla de información dos certificados. No noso caso non temos ningún instalado pero si temos a opción de poder importarlo:







3. Ao premer no botón **Importar** lánzase a execución dun asistente que nos vai guiando para levar a cabo unha importación correcta






Este asistente permite procurar o tipo de certificado que desexamos instalar xa que existen diferentes formatos de ficheiros de certificado. Especificamos tamén o lugar onde queremos instalado:





Debemos de asegurarnos de que está habilitada la opción **Marcar esta clave como exportable**:





Se todo foi ben, ao final o certificado quedará correctamente instalado no navegador tal e como se aprecia na imaxe seguinte:

